

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá La Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Huelva: as comarcas de Aracena, Cartaya, Cortegana, Palma del Condado, La Puebla de Guzmán e Valverde del Camino.

Provincia de Málaga: comarca de Vélez Málaga.

Provincia de Sevilla: as comarcas de Cazalla de la Sierra e El Ronquillo.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, Cebreros, El Barco de Ávila, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, Arganda del Rey, Alcalá de Henares, Colmenar Viejo, El Escorial, Griñón, municipio de Madrid, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Torrelaguna e Villarejo de Salvanés.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

14591 *ORDETAS/2307/2007, do 27 de xullo, que desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal. («BOE» 182, do 31-7-2007.)*

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, recolle a formación de demanda, entendida como aquela que realizan as empresas para os seus traballadores, incluíndo os permisos individuais de formación, e que responde ás necesidades específicas que presentan unhas e outros.

Esta orde desenvolve esa formación de demanda desde o obxectivo de conseguir unha maior promoción e integración social dos traballadores, así como unha mellora da competitividade das empresas. Todo iso contando coa responsabilidade compartida da Administración, os axentes sociais e a colaboración das diferentes entidades e institucións que actúan no campo da formación.

Así mesmo, respéctanse as competencias de xestión das comunidades autónomas, que asumen as funcións de avaliación, seguimento e control da formación que realicen as empresas que teñan todos os seus centros de traballo dentro do seu territorio. Así afóndase na colaboración e cooperación entre as administracións públicas das comunidades autónomas e a do Estado.

Por outra parte, a orde recolle, de acordo co expresado no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, o deber de información á representación legal dos traballadores respecto da formación que se realice no seo das empresas, garantindo así o diálogo social entre empresarios e traballadores nese ámbito.

As empresas dispoñen dun crédito para a formación dos seus traballadores que poden facer efectivo mediante a aplicación de bonificacións á Seguridade Social unha vez realizada esa formación. A contía dese crédito fixarase tendo en conta o importe ingresado polas empresas en concepto de formación profesional durante o exercicio anterior, mediante a aplicación a ese importe dunha por-

centaxe de bonificacións que se fixa na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio e que será inversamente proporcional ao tamaño das empresas. En todo caso, garántese un crédito mínimo de bonificación na contía que se determine na lei anteriormente citada. Ademais, esta orde recoñécelles un crédito adicional ás empresas para a realización de permisos individuais de formación, favorecendo a súa xeneralización ao conxunto dos traballadores, dentro do respecto á organización do traballo no seo da empresa.

Este modelo de financiamento ofrece un marco de seguridade xurídica e de transparencia ao permitirilles ás empresas coñecer ao comezo de cada exercicio o crédito de que dispoñen para a formación dos seus traballadores, potenciando a planificación e a integración da formación no devir cotián da empresa. Con esta orde ministerial cada empresa, con independencia do tamaño, actividade ou situación, pode libremente elixir a formación que considere necesario realizar, seleccionar o seu contido e determinar o lugar e a data para impartila. Así, o acceso das empresas á formación canalízase mediante un sistema telemático creado para tal efecto que facilita e axiliza as relacións entre as empresas e a Administración. Ademais, redúcense os períodos de comunicación á Administración por parte das empresas, medida que favorecerá a flexibilidade na toma de decisións nas empresas, sobre todo no que se refire a aquelas incidencias que con carácter máis frecuente se dan no desenvolvemento práctico da formación.

Por outra parte, actualízanse os módulos económicos máximos aplicables polas empresas segundo a modalidade de impartición e o nivel de formación e exclúese a súa aplicación para as empresas de menos de 10 traballadores, o que sen dúbida favorecerá o acceso á formación a este segmento de empresas, co fin de acadar un maior nivel de penetración da formación nese ámbito, que presenta aínda unhas porcentaxes afastadas respecto do que representan empresas con maior tamaño.

Así mesmo, resulta necesario destacar a consideración da formación non como un gasto para as empresas senón como un investimento rendible para a súa mellora e competitividade, polo que se introduce a existencia de cofinanciamento da formación para as empresas, salvo para aquelas de menos de 10 traballadores. Exención establecida, na liña do apuntado anteriormente, para fomentar o acceso á formación destas empresas.

O Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, que regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral de Estado, establece os requisitos que deberán cumprir as aplicacións e os programas que efectúen tratamentos de información cuxo resultado sexa utilizado para o exercicio das potestades que ten atribuídas a Administración xeral do Estado.

Por outro lado, e co obxecto do acceso ao sistema telemático, teranse en conta as especificacións e requisitos establecidos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

En relación co tratamento dos datos persoais, e tal e como establece o artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, procédese á creación dos ficheiros automatizados de datos de carácter persoal asociados ao sistema telemático de formación profesional para o emprego.

Esta orde dítase en desenvolvemento parcial do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en cuxa disposición derradeira segunda se habilita o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas normas sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

No proceso de elaboración consultáronse as organizacións empresariais e sindicais presentes na Comisión Tripartita de Formación Continua, informouse a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e emitiuse o informe previo da Comisión Ministerial de Administración Electrónica e da Avogacía do Estado do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto o desenvolvemento da formación de demanda prevista no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que regula o subsistema de formación profesional para o emprego, así como o seu réxime de financiamento, mediante bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social, e a creación do correspondente sistema telemático así como dos ficheiros de datos persoais dese subsistema.

A formación de demanda, integrada polas accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación, ten por finalidade responder ás necesidades específicas de formación detectadas polas empresas e os seus traballadores.

Artigo 2. *Normativa reguladora.*

As bonificacións mediante as cales se financie a formación de demanda non teñen carácter subvencional de conformidade co disposto no artigo 2.4.g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e sonlles de aplicación específica as seguintes disposicións:

- a) A Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio no relativo ao financiamento da formación profesional para o emprego.
- b) O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que regula o subsistema de formación profesional para o emprego.
- c) Esta orde ministerial e demais disposicións que se diten no seu desenvolvemento.
- d) O Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, que regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral de Estado.
- e) A Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- f) A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 3. *Administración pública competente.*

1. A Administración pública competente para o desenvolvemento e execución das actividades de seguimento, control e avaliación recollidas nesta orde será a que resulte de aplicar a distribución competencial que no marco do Sistema Nacional de Emprego establece a disposición adicional primeira do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, en relación co disposto na disposición transitoria cuarta da citada norma.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal actuará co apoio técnico da Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo no desenvolvemento e na execución das funcións e actividades que competen ao citado organismo no marco do establecido nesta orde.

Artigo 4. *Empresas beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias das bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social reguladas nesta orde todas as empresas que teñan centros de traballo no territorio estatal, calquera que sexa o seu tamaño e localización, desenvolvan formación para os seus traballadores e coticen por formación profesional.

Artigo 5. *Obrigas das empresas beneficiarias.*

1. Constitúen obrigas das empresas beneficiarias, ademais das previstas noutros artigos desta orde, as seguintes:

- a) Identificar en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade todos os gastos de execución das accións formativas e permisos individuais de formación, así como as bonificacións que se apliquen, baixo a denominación ou epígrafe de «formación profesional para o emprego».
- b) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento e control que realicen as administracións públicas competentes e os demais órganos de control, segundo o establecido no artigo 38 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.
- c) Custodiar a documentación acreditativa da asistencia diaria dos participantes ás accións formativas. Para tal fin, porase á disposición das empresas un modelo de documento de control de asistencia a través do sistema telemático previsto no artigo 9 desta orde no cal se inclúan os datos que, cando menos, deberán conter os documentos que se utilicen para acreditar esa asistencia.
- d) Garantirlles a gratuidade das iniciativas de formación aos participantes nelas.
- e) Estar ao día a empresa no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social no momento de se aplicaren as bonificacións.

2. Durante un período mínimo de catro anos, as empresas deberán manter á disposición dos órganos de control competentes a documentación xustificativa da formación pola cal obtivesen bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social.

As empresas que, sen ter transcurrido o período establecido para manter a documentación xustificativa das bonificacións aplicadas, suspendan a súa actividade económica, deberánlle remitir copia da citada documentación á Administración pública competente, a través do órgano que determine. Cando a citada Administración sexa a autonómica, daralle traslado desa información ao Servizo Público de Emprego Estatal.

3. Cando se produzan transformacións, fusións ou escisións, as empresas resultantes delas deberán comunicar tales circunstancias a través do sistema telemático previsto no artigo 9.

4. As empresas serán directamente responsables dos incumprimentos das obrigas mencionadas nos números anteriores, mesmo cando estes se deban á actuación das entidades coas cales contraten impartir a formación ou das entidades organizadoras da formación na agrupación de empresas prevista no artigo 17 desta orde.

Artigo 6. *Traballadores destinatarios da formación de demanda.*

1. De conformidade co establecido no artigo 5 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, poderán participar na formación de demanda regulada nesta orde, e nos termos e condicións que nela se determinan:

- a) Os traballadores asalariados que prestan os seus servizos en empresas ou en entidades públicas non incluídas no ámbito de aplicación dos acordos de formación nas administracións públicas. Poderase requirir a acreditación da non-inclusión no ámbito de aplicación dos referidos acordos mediante declaración asinada polo representante da entidade pública correspondente.
- b) Os traballadores que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

Traballadores fixos descontinuos nos períodos de non-ocupación.

Traballadores que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo.

Traballadores acollidos á regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

2. A participación dos traballadores nas accións formativas non poderá ser superior a oito horas diarias.

Artigo 7. *Colectivos prioritarios e medidas activas no marco da Estratexia Europea de Emprego.*

1. Poderán ser prioritarios para participar nas accións de formación de demanda reguladas nesta orde os traballadores ocupados pertencentes aos colectivos sinalados no artigo 5.3, letra b) do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Para as accións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo serán, así mesmo, prioritarios os colectivos que especificamente se inclúan no correspondente programa operativo. Mediante resolución da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal estableceranse os termos, as condicións e a proporción en que se deberá de producir esa participación.

2. As administracións públicas competentes promoverán as medidas de apoio previstas no artigo 19 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, para facilitar e xeneralizar o acceso das pequenas e medianas empresas á formación dos seus traballadores. Para estes efectos, enténdese por pequena e mediana empresa aquela cuxo cadro de persoal medio anual non exceda os 250 traballadores e que non estea participada nun 25 por 100 ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto por outras empresas que non reúnan o requisito anterior sobre ese cadro de persoal.

3. Cando se trate de formación de carácter transversal en áreas consideradas prioritarias, as empresas poderán desenvolver módulos formativos cunha duración mínima de catro e unha máxima de seis horas.

Son áreas prioritarias as consideradas como tales pola Administración laboral competente tanto no marco da Estratexia Europea de Emprego e do Sistema Nacional de Emprego coma no das directrices establecidas pola Unión Europea. En todo caso, son áreas prioritarias as relativas ás tecnoloxías da información e á comunicación, á prevención de riscos laborais, á sensibilización en medio natural e aquelas outras que se establezan con este carácter mediante resolución da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, publicada no Boletín Oficial del Estado, que poderá incluír as propostas das comunidades autónomas.

Artigo 8. *Financiamento da formación de demanda.*

1. As bonificacións nas cotas da Seguridade Social ingresadas polas empresas coas cales se financian as accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación aplicaranse con cargo ao orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal para o correspondente exercicio.

2. As empresas participarán no financiamento dos custos das accións formativas na contía mínima sinalada no artigo 14 desta orde, salvo as empresas de menos de 10 traballadores que, de acordo co artigo 14 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, estarán exentas desa obriga.

O cofinanciamento privado previsto no parágrafo anterior non lles será aplicable aos permisos individuais de formación.

Artigo 9. *Sistema telemático.*

1. Créase o sistema telemático implantado polo Servizo Público de Emprego Estatal no marco do Sistema Nacional de Emprego, segundo o establecido no artigo 16.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, que estará ao servizo de todas as empresas e das súas entidades organizadoras para o acceso á información, así como aos documentos normalizados e aos procesos telemáticos que sexan precisos para a xestión das accións formativas e dos permisos individuais de formación que programen, para a aplicación das bonificacións e, en particular, para a realización das comunicacións telemáticas de inicio e finalización da formación reguladas nos artigos 18 e 19 desta orde.

As comunidades autónomas terán acceso en tempo real, mediante ese sistema telemático, ás comunicacións realizadas polas empresas e polas entidades organizadoras, así como a toda a información necesaria para desenvolver no ámbito das súas competencias as funcións de avaliación, seguimento e control das accións formativas das empresas e dos permisos individuais de formación.

A Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo apoiará tecnicamente o Servizo Público de Emprego Estatal mediante o deseño, a instrumentación e a administración do citado sistema telemático.

2. O acceso ao sistema telemático poderase realizar:

a) A través da páxina da internet do Servizo Público de Emprego Estatal (www.inem.es) ou da Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo (www.fundaciontripartita.org).

b) A través do vínculo que se estableza desde a páxina da internet da respectiva Administración autonómica competente.

Este acceso requirirá a solicitude da correspondente clave por parte do representante legal da empresa ou entidade organizadora que teña acreditada a súa «sinatura dixital de persoa xurídica». Así mesmo, requirirase a solicitude desa clave para o acceso dos representantes da Administración pública competente. A sinatura dixital, obtida mediante o correspondente certificado electrónico, ten por obxecto garantir a integridade dos datos comunicados e intercambiados entre os usuarios e a Administración pública competente, así como a identidade das partes que interveñen e a efectividade das consultas ou trámites realizados.

Quedarán rexistrados mediante a sinatura dixital todos os accesos ao sistema, as altas e baixas dos usuarios, as comunicacións de inicio e finalización da formación e as notificacións de posibles incidencias relacionadas cos mencionados accesos.

En todo caso, garantirase a confidencialidade, seguridade, conservación e normalización nos medios de acceso ao sistema telemático. O alcance e intensidade das medidas de seguridade, conservación e normalización virán determinados polo preceptuado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro 1999, que regula a protección de datos de carácter persoal, e no Real decreto 994/1999 mediante o que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

Así mesmo, a aplicación telemática reunirá as prescricións técnicas para facilitar o acceso universal a ela, co fin de garantir ese acceso ás persoas con discapacidade e de idade avanzada.

3. Cando por circunstancias obxectivas derivadas de fallos nos equipamentos ou aplicacións telemáticas, de anomalías nas comunicacións ou doutras incidencias análogas non for posible a transmisión dos datos, estes poderanse comunicar por medios convencionais, acompañando esa comunicación dunha xustificación razoada

da incidencia. Desaparecidas esas circunstancias, as informacións ou datos que non se puideron transmitir electronicamente incorporaranse á base de datos do sistema telemático mediante a utilización das técnicas que en cada caso se requiran.

Así mesmo, cando se produzan erros na información subministrada a través do citado sistema que sexan detectados polas empresas ou polas súas entidades organizadoras por afectar datos obxectivos coñecidos por elas, eses erros poderanse corrixir en calquera momento, sen que iso altere os dereitos e as obrigas que legal ou regulamentariamente lles correspondesen ás empresas.

CAPÍTULO II

Accións formativas das empresas

Artigo 10. *Definicións de termos utilizados neste capítulo.*

Para os efectos do establecido neste capítulo, entenderase por:

a) **Acción formativa.**—Enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición e á mellora das competencias e cualificacións profesionais dos traballadores, e pódese estruturar en varios módulos formativos con obxectivos, contidos e duración propios, sen que poida, con carácter xeral, ser inferior a seis horas lectivas.

b) **Crédito de bonificacións.**—É a contía de que dispón a empresa para financiar a través de bonificacións nas cotas da Seguridade Social as accións formativas que vai desenvolver para os seus traballadores.

c) **Porcentaxe de bonificación.**—É a porcentaxe que anualmente se establece na Lei de orzamentos xerais do Estado para as empresas en función do seu tamaño, que permite calcular, con carácter xeral, o crédito de bonificacións de que dispoñen as empresas.

d) **Bonificación media por traballador.**—É a contía que anualmente se establece na Lei de orzamentos xerais do Estado para poder calcular o crédito de bonificacións que se lles asigna ás empresas de nova creación e ás que abran novos centros de traballo.

e) **Tamaño das empresas.**—Correspóndese co cadro de persoal medio das empresas no período comprendido entre o mes de decembro dun exercicio e o de novembro do seguinte, de acordo cos datos que consten na Tesouraría Xeral da Seguridade Social respecto dos traballadores cotizantes.

f) **Custos de formación.**—Son todos os gastos sufragados pola empresa para a formación dos seus traballadores.

g) **Custo máximo bonificable.**—É o que resulta de multiplicar o módulo económico establecido no artigo 12 polo número de horas da acción formativa e polo número de traballadores que a realiza.

h) **Cofinanciamento privado.**—É a diferenza entre o importe correspondente aos custos de formación e aquel polo que se bonifica a empresa.

i) **Entidade organizadora.**—É a empresa integrante dunha agrupación das previstas no artigo 17 desta orde que asume a xestión dos programas de formación das empresas agrupadas. Pode, así mesmo, adquirir ese carácter o centro ou a entidade que, non sendo parte da agrupación descrita e tendo entre as súas actividades impartir formación, se encargue da execución das accións formativas das empresas agrupadas.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, manterá esa condición a entidade ou empresa que, tendo a formación dentro do seu obxecto social con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, se constituíse como tal ao abeiro do Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, que regula o

subsistema de formación profesional continua e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 11. *Determinación do crédito de bonificacións.*

1. De conformidade co establecido no artigo 13.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, as empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán anualmente dun crédito de bonificacións para a formación dos seus traballadores cuxo importe resultará de aplicarlle á contía ingresada pola empresa durante o ano anterior en concepto de cota de formación profesional a porcentaxe de bonificación que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado en función do tamaño das empresas, garantíndose, en todo caso, un crédito mínimo de bonificación pola contía que se determine na citada lei.

Enténdese por contía ingresada pola empresa en concepto de cota de formación profesional durante o ano anterior os ingresos, descontadas as devolucións, efectivamente realizados pola empresa de xaneiro a decembro, sempre que se refiran a cotas xeradas desde o mes de decembro previo ao citado período, salvo para as empresas que teñan autorizado o pagamento trimestral ou diferido, caso en que se terán en conta as que se xeren desde o mes de outubro ou de novembro, respectivamente.

2. De conformidade co establecido no artigo 13.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, as empresas que durante o correspondente exercicio orzamentario abran novos centros de traballo e as empresas de nova creación poderanse beneficiar igualmente dun crédito de bonificación para formación cando incorporen ao seu cadro de persoal novos traballadores, nos seguintes termos:

a) No caso de apertura de novos centros, o importe do crédito inicial que teña a empresa, determinado conforme o punto 1 deste artigo, incrementarase co resultado de multiplicar o número de traballadores incorporados á empresa no momento da apertura de novos centros pola bonificación media por traballador que anualmente determine a Lei de orzamentos xerais do Estado.

b) No caso de creación de novas empresas, o crédito resultará igualmente de multiplicar o número de traballadores incorporados á empresa, segundo o primeiro boletín de cotización á Seguridade Social, pola bonificación media por traballador que anualmente determine a Lei de orzamentos xerais do Estado, garantíndose, en todo caso, o crédito mínimo de bonificación a que fai referencia o punto 1 deste artigo. A empresa poderá aplicar tamén esta fórmula para determinar o crédito de formación do ano seguinte ao da súa constitución se o crédito así resultante lle é máis favorable ca o que resultaría de aplicar o procedemento xeral establecido no punto 1 deste artigo.

Con anterioridade á aplicación do crédito de bonificación a que fan referencia os dous parágrafos anteriores, as empresas que abran novos centros e as de nova creación deberanlle comunicar á Administración pública competente, mediante o sistema telemático previsto no artigo 9, a concorrencia dos feitos que dan orixe ao citado crédito.

Artigo 12. *Módulos económicos máximos.*

1. A empresa poderá utilizar o seu crédito de bonificacións para formar o número de traballadores do seu cadro de persoal que considere oportuno, respectando os módulos económicos máximos que se establecen neste artigo para os custos de formación descritos nas letras a) e b) do artigo 13.2.

2. Os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) aplicables para efectos de bonificación nas cotas á Seguridade Social serán os que a seguir se establecen en función da modalidade de impartición e o nivel de formación.

Modalidade de impartición	Nivel de formación	
	Básico	Superior
Presencial	9 €	13 €
Teleformación	7,5 €	
A distancia convencional .	5,5 €	
Mixta	Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia convencional ou teleformación que teña a acción formativa.	

Na modalidade de impartición presencial, o módulo de «nivel básico», que capacita para desenvolver competencias e cualificacións básicas, aplicarase cando se vaia impartir formación en materias transversais ou xenéricas, mentres que o módulo de «nivel superior» se aplicará cando a formación incorpore materias que impliquen especialización ou capacite para desenvolver competencias de programación ou dirección.

Estes módulos económicos actualizaranse cada ano mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

3. As empresas de un a nove traballadores non estarán limitadas polos módulos económicos máximos previstos neste artigo. Así mesmo, as empresas de 10 a 49 traballadores e as de 50 a 249 poderán superar os citados módulos nun 10 por cento e un cinco por cento, respectivamente.

Artigo 13. Custos de formación.

1. Os custos de formación determinarase para cada grupo ou acción formativa con independencia do número de grupos para os cales se imparta a acción formativa. Se para iso fose necesario ratear algún dos gastos realizados entre varios grupos da mesma acción formativa, o citado rateo efectuarase atendendo ás horas de formación de cada un deles. O número de horas de formación obtense de multiplicar o número de horas de duración da acción polo número de participantes no grupo.

2. Os tipos de custos que cabe ter en conta para efectos do disposto no número anterior son os seguintes:

a) Custos directos ou de impartición.–Enténdense incluídos neles:

A retribución dos formadores, internos e externos.

Os gastos de amortización de equipamentos didácticos e plataformas tecnolóxicas, así como o seu alugamento ou arrendamento financeiro.

Os gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles. No caso da «teleformación», os custos imputables aos medios de comunicación utilizados entre formadores e participantes.

Os gastos de alugamento, arrendamento financeiro ou amortización das aulas, talleres e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación.

O seguro de accidente dos participantes.

Os gastos de transporte, manutención e aloxamento para os participantes e formadores.

b) Custos asociados ou de organización.–Están incluídos neste tipo de custos:

Custos de organización, persoal, instalacións e equipos de apoio para o desenvolvemento da formación.

Custos de luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza, vixilancia e outros custos asociados á xestión da actividade formativa.

A imputación destes custos á acción ou grupo de formación realizarase tendo en conta criterios de proporcionalidade da actividade formativa respecto da actividade xeral da empresa.

A suma dos custos asociados ou de organización non poderá superar, para efectos da súa bonificación, o 25 por 100 dos custos directos que resulten bonificables.

c) Custos de persoal.–Enténdense incluídos neles os custos salariais dos traballadores que reciben formación en xornada laboral. Para estes efectos, só se poderán ter en conta as horas desa xornada en que realmente os traballadores participan na formación.

Estes custos de persoal non serán obxecto de bonificación, pero computaranse para os efectos do cofinanciamento privado exixible no artigo 14.

3. Con independencia de que a formación sexa executada por calquera das modalidades previstas no número 1 do artigo 17, o custo total dunha acción formativa ou dun grupo de formación estará constituído pola suma de todos os custos sinalados no número anterior.

Cando se trate de empresas que se agrupen voluntariamente e concerten a organización e xestión do seu programa de formación cunha entidade organizadora, na factura correspondente a cada empresa agrupada deberán figurar desagregados os custos directos ou de impartición e os custos asociados ou de organización cando a facturación non se realice por separado.

Artigo 14. Cofinanciamento privado.

A diferenza entre o custo total da formación (incluídos os distintos tipos de custos relacionados no artigo 13) e a bonificación aplicada pola empresa constituirá a achega privada realizada por esta para os efectos de calcular a porcentaxe mínima de cofinanciamento que, sobre o custo total de formación e de conformidade co artigo 14 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, se exixe a seguir:

- Empresas de 10 a 49 traballadores: 10 por 100.
- De 50 a 249 traballadores: 20 por 100.
- De 250 ou máis traballadores: 40 por 100.

A comprobación do cumprimento desta exixencia de cofinanciamento privado realizarase unha vez finalizada a formación correspondente a todo o exercicio. Esta comprobación realizarase tomando como referencia a diferenza entre a suma acumulada de todos os custos de formación en que incorreu a empresa durante o exercicio (incluídos os custos de persoal) e a de todas as bonificacións aplicadas pola empresa.

Artigo 15. Aplicación das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social.

1. O crédito de bonificacións para formación de demanda, determinado para cada empresa nos termos sinalados no artigo 11, actuará como límite das bonificacións que se van efectuar con cargo ás cotizacións á Seguridade Social.

2. A aplicación desas bonificacións realizarase na forma e nos prazos sinalados no artigo 17 do Real decre-

to 395/2007, do 23 de marzo, logo do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Información á representación legal dos traballadores.
- b) Comunicación telemática de inicio da formación.
- c) Realización da formación.
- d) Comunicación telemática de finalización da formación.

Artigo 16. Información á representación legal dos traballadores e resolución das discrepancias.

1. Con anterioridade ao inicio da execución das accións formativas, a empresa deberá cumprir co requisito de información á representación legal dos traballadores nos termos establecidos no punto 1 do artigo 15 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e ter esgotados, de ser o caso, os prazos previstos nos números 2 e 3 do mencionado precepto. O sentido do informe que, de ser o caso, emita a representación legal dos traballadores reflectirase na comunicación de inicio a que se refire o artigo 18.

Cando a empresa non teña representación legal dos traballadores será necesaria a conformidade dos traballadores afectados polas accións formativas.

2. No suposto de discrepancias entre a dirección da empresa e a representación legal dos traballadores, se transcorrido o prazo establecido no artigo 15.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, se mantivese o desacordo, as partes deixarán constancia nunha acta, cuxo modelo estará dispoñible no sistema telemático previsto no artigo 9, que lle remitirá a empresa no prazo de 10 días xunto cunha copia da documentación posta á disposición da representación legal dos traballadores e, de ser o caso, dos informes emitidos polas partes á Comisión Paritaria Sectorial estatal ou doutro ámbito que resulte competente segundo o disposto no artigo 35 do citado real decreto para intervir, se for o caso, na mediación prevista no artigo 15.5 da dita norma.

Cando a discrepancia teña lugar dentro do ámbito competencial das comunidades autónomas, a citada remisión realizarase conforme establece a Administración competente. Cando se desenvolva dentro do ámbito competencial do Servizo Público de Emprego Estatal realizarase a través da Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo.

A Comisión Paritaria remitiralle no prazo de 15 días á Administración competente un informe co resultado da súa mediación. No caso de que se manteña o desacordo, o citado informe deberá detallar as causas que están na súa orixe.

3. Cando o mencionado desacordo teña a súa orixe nalguna das causas enumeradas no artigo 15.5 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, a Administración competente ditará no prazo máximo de tres meses, contados desde a recepción do informe mencionado no número anterior, a resolución prevista no citado precepto.

4. No suposto de que na empresa non exista representación legal dos traballadores, o establecido nos números anteriores será de aplicación ao suposto de desconformidade ou denuncia dun traballador baseadas nas causas mencionadas no artigo 15.5 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

5. O inicio do procedemento que comporta o exame das discrepancias por parte da Comisión Paritaria e a posterior intervención da Administración competente, regulado nos parágrafos anteriores, non impedirá a aplicación por parte da empresa da bonificación respecto da formación executada. Se posteriormente se resolvese a improcedencia da bonificación, iniciarase o procedemento previsto no artigo 31 desta orde para o aboamento pola empresa das cotas non ingresadas.

Artigo 17. Organización e xestión da formación.

1. De conformidade co establecido no artigo 16, números 1 e 2, do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, as empresas poderán:

- a) Organizar e xestionar a formación dos seus traballadores por si mesmas.
- b) Contratar a súa execución con centros ou entidades especializadas, caso en que eses centros ou esas entidades deberán asumir, cando menos, a coordinación das accións formativas, sen poder delegar nin contratar o desenvolvemento da dita coordinación con terceiros.
- c) Agruparse voluntariamente, designando para tal efecto unha entidade organizadora para que xestione os seus programas de formación.

2. A constitución da agrupación de empresas, regulada no artigo 16.2 do citado real decreto, deberase formalizar mediante acordo escrito asinado polos representantes legais da entidade organizadora e das empresas agrupadas, no cal deberán constar os datos da súa identificación, as obrigas dos asinantes e, especificamente, as que asume a entidade organizadora, así como, de ser o caso, a compensación económica polos custos de organización.

Ademais das funcións sinaladas no citado precepto, a entidade organizadora poderá desenvolver aquelas que as partes acorde relacionadas coa planificación das accións formativas que se van realizar, coa selección de centros en que se vai impartir, os permisos individuais de formación, a programación do calendario de impartición e calquera outra que contribúa a facilitar o desenvolvemento da formación.

O acordo asinado quedará en poder da entidade organizadora e das empresas agrupadas á disposición dos órganos de control competentes. A entidade organizadora deberá indicar a data en que foi subscrito o citado acordo con cada unha das empresas agrupadas ao dalas de alta no sistema telemático previsto no artigo 9 desta orde.

As empresas agrupadas serán responsables das bonificacións aplicadas nos seus boletíns de cotización que, en todo caso, estarán soportadas polas facturas, anotadas na súa contabilidade, relativas á organización e impartición da formación.

Artigo 18. Comunicación telemática de inicio da formación.

1. A través do sistema telemático previsto no artigo 9, as empresas ou as entidades organizadoras, no caso dunha agrupación, comunicarán mediante o modelo normalizado «Comunicación de inicio» a información relativa a cada acción formativa e grupo de formación que establece o artigo 16.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Co fin de que a Administración pública competente poida planificar as súas actuacións de seguimento e control «en tempo real», a citada comunicación de inicio deberase realizar cunha antelación mínima de sete días naturais á data de comezo de cada grupo de formación.

2. A modificación dos datos que afecte a cancelación dun grupo de formación ou que supoña un cambio de horario, data ou localidade abondará con comunicala con catro días naturais de antelación sobre a data prevista para o comezo do grupo. Se o cambio afecta a data, entre a comunicación da modificación e a nova data de inicio do grupo deberán transcorrer cando menos sete días naturais.

Calquera outra modificación non incluída no parágrafo anterior abondará con comunicala antes do comezo da acción formativa ou do grupo de formación.

3. A falta de comunicación nos prazos mencionados nos números 1 e 2 deste artigo implicará que o correspondente grupo de formación se considere «non realizado» para efectos de aplicar a bonificación nas cotizacións sociais, salvo que a falta de comunicación en prazo se deba a causas imprevistas, debidamente xustificadas e comunicadas no momento en que se produzan.

Artigo 19. *Comunicación telemática de finalización da formación.*

1. A través do sistema telemático previsto no artigo 9, e antes de practicar a bonificación correspondente a cada acción ou grupo, as empresas ou as entidades organizadoras, cando se trate dunha agrupación, deberán comunicar a súa finalización mediante o modelo normalizado «Notificación de finalización da formación» incorporado ao dito sistema. Esta comunicación telemática de finalización deberá conter polo menos a información prevista no artigo 16.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e indicará a contía e o mes en que se aplicará a bonificación.

Esa comunicación poderase realizar á finalización de cada grupo, de varios grupos, sexan ou non pertencentes a unha mesma acción formativa, ou de toda a formación impartida durante o exercicio, con anterioridade a que finalice o prazo de presentación do boletín de cotización á Seguridade Social no cal se apliquen as bonificacións ás empresas e, en todo caso, antes do transcurso do último día hábil para poder presentar o boletín de cotización do mes de decembro do exercicio económico correspondente.

2. Para efectos da elaboración da lista de traballadores participantes que finalizaron a formación, enténdese que o traballador finalizou un grupo de formación se asistiu polo menos ao 75 por 100 das horas impartidas e realizou polo menos o 75 por 100 dos controis periódicos de seguimento da súa aprendizaxe nas modalidades de impartición a distancia convencional ou mediante teleformación.

Na citada lista deberán quedar identificados, de ser o caso, os traballadores formados pertencentes aos colectivos prioritarios a que se refire o artigo 7.

3. Cando se trate dunha agrupación de empresas, a entidade organizadora da formación deberá identificar por cada empresa os traballadores participantes nos distintos grupos (con indicación, se for o caso, dos pertencentes a colectivos prioritarios) e os custos de formación sufragados, con indicación do custo máximo polo que a empresa se pode bonificar.

Artigo 20. *Acreditación da formación.*

1. A formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade acreditarase de acordo co establecido no artigo 11.1 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e na normativa reguladora da expedición dos certificados de profesionalidade.

2. Cando a formación non vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, a empresa ou, de ser o caso, o centro impartidor da formación deberalle entregar a cada participante o certificado ou diploma a que fai referencia o artigo 11.2 do citado real decreto, no cal, como mínimo, se farán constar a denominación da acción formativa, os contidos formativos, os días en que se desenvolveu e as horas de formación recibidas, con especificación, segundo os casos, das realizadas de forma presencial, a distancia convencional ou mediante teleformación. Para facilitar o cumprimento desta obriga, as empresas poderán utilizar o modelo de certificado e diploma dispoñible no sistema telemático previsto no artigo 9 desta orde.

Os certificados e diplomas a que se fai mención no parágrafo anterior deberán ser entregados ou remitidos aos participantes no prazo máximo de dous meses a partir da data de finalización da acción formativa en que participasen. Nas empresas deberá quedar constancia documental de que os traballadores recibiron o correspondente certificado ou diploma ou, no seu defecto, de que lles foi remitido.

No suposto de que a formación bonificada estea cofinanciada con fondos comunitarios, os documentos mencionados nos parágrafos anteriores deberán incluír o emblema do Fondo Social Europeo.

CAPÍTULO III

Permisos individuais de formación

Artigo 21. *Concepto de permiso individual de formación.*

Enténdese por permiso individual de formación aquel polo cal a empresa lle autoriza a un traballador a realización dunha acción formativa que estea recoñecida mediante unha acreditación oficial, incluídas as correspondentes aos títulos e certificados de profesionalidade que constitúen a oferta do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, co fin de favorecer o seu desenvolvemento profesional e persoal.

Así mesmo, de conformidade co artigo 12.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, poderanse utilizar estes permisos individuais de formación para o acceso aos procesos de recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias e cualificacións profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou doutras aprendizaxes non formais e informais, de acordo co previsto neste capítulo.

Artigo 22. *Solicitud de permiso polo traballador.*

As empresas porán á disposición dos traballadores que o requiran o modelo de solicitud de autorización do permiso individual de formación que se incorpora como anexo I a esta orde.

A denegación da autorización do permiso por parte da empresa deberá estar motivada por razóns organizativas ou de produción, comunicándollo ao traballador.

Artigo 23. *Asignación dun crédito adicional para permisos individuais de formación.*

1. As empresas poderán financiar os custos salariais correspondentes aos permisos individuais de formación que concedan co crédito anual de bonificacións para formación e co crédito adicional previsto no artigo 13.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, a que se refire este artigo.

O financiamento dos custos salariais de cada permiso estará limitado a un máximo de 200 horas laborais por permiso e curso académico ou ano natural, segundo o caso, en función da duración da formación que se vai realizar. Os citados custos estarán constituídos polo salario do traballador (soldo base, antigüidade e complementos fixos, así como pola parte correspondente de pagas extraordinarias) e as cotizacións entregadas á Seguridade Social durante o período do permiso.

2. O crédito adicional a que se refire o número anterior asignaráselles ás empresas de acordo cos seguintes criterios:

a) A asignación realizarase a medida que as empresas comuniquen os permisos individuais de formación e mentres non se supere, no seu conxunto, o límite da dis-

poñibilidade orzamentaria que se estableza anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

b) O importe do crédito adicional para cada empresa será o equivalente ao dos custos salariais dos permisos que comunique, cos seguintes límites:

O dos custos de 200 horas correspondentes a un máis permisos para empresas de 1 a 9 traballadores.

O de 400 horas para empresas de 10 a 49 traballadores.

O de 600 horas para empresas de 50 a 249 traballadores.

O de 800 horas para as de 250 a 499 traballadores.

O dos custos salariais doutras 200 horas por cada 500 traballadores máis que a empresa teña no seu cadro de persoal.

Estes límites só operarán cando os custos salariais do permiso ou permisos que conceda a empresa superen o 5 por cento do seu crédito anual.

Artigo 24. *Aplicación das bonificacións.*

As empresas aplicarán as bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social a medida que lles aboan os salarios aos traballadores que desfruten dos permisos individuais de formación. Para tal efecto, deberán comunicar previamente a contía e o mes en que se aplica a bonificación. A falta de comunicación desta información impedirá que á empresa se lle poida aplicar a bonificación correspondente.

Artigo 25. *Requisitos da formación.*

1. A formación a que se refiren os permisos individuais deberá estar recoñecida mediante unha titulación oficial ou mediante unha acreditación oficial, incluídas as dos títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade, así como a de calquera outra que acredite as competencias para o exercicio dunha ocupación ou oficio.

As acreditacións oficiais son aquelas que, estando previstas na normativa estatal, foron expedidas pola Administración competente e publicadas no boletín oficial correspondente.

As titulacións oficiais son aquelas que foron expedidas polas administracións educativas competentes, con validez en todo o territorio estatal e publicadas no «Boletín Oficial del Estado». Así mesmo, considéranse incluídos os cursos universitarios que teñan a consideración de títulos universitarios propios por resolución da Xunta de Goberno ou Consello Social da universidade correspondente.

2. A formación deberá estar dirixida tanto ao desenvolvemento ou adaptación das cualificacións técnico-profesionais do traballador como á súa formación persoal.

Esa formación non deberá estar incluída nas accións formativas das empresas, reguladas no capítulo II desta orde.

3. Quedan excluídas do permiso de formación as accións formativas que non se correspondan coa formación presencial. Non obstante, admitirase a parte presencial das realizadas mediante a modalidade a distancia convencional ou de teleformación.

Así mesmo, quedan excluídos desta modalidade de formación de demanda os permisos para concorrer a exames aos cales os traballadores poidan ter dereito.

Artigo 26. *Execución dos permisos individuais de formación.*

1. Será de aplicación aos permisos individuais de formación o requisito de información á representación legal dos traballadores de acordo co disposto no artigo 15 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e no artigo 16 desta orde.

2. As empresas deberán comunicar, a través do sistema telemático previsto no artigo 9, os permisos autorizados aos traballadores tanto ao seu inicio como á súa finalización.

Tales comunicacións conterán, cando menos, o obxecto do permiso individual de formación e a titulación ou acreditación oficial que se corresponde con esa formación, o número de horas do permiso e a súa distribución, o seu custo e a contía das bonificacións.

Estas comunicacións poderanse realizar a través dunha entidade organizadora cando a empresa forme parte dunha agrupación das previstas no artigo 17 desta orde.

CAPÍTULO IV

Calidade, avaliación, seguimento e control da formación

Artigo 27. *Calidade da formación.*

As accións formativas realizadas ao abeiro desta orde deberán ter a calidade requirida para responder ás necesidades específicas de formación formuladas polas empresas e polos seus traballadores.

As administracións públicas competentes promoverán, nos seus respectivos ámbitos, a mellora da calidade da formación nos termos sinalados no artigo 36 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

Artigo 28. *Avaliación da formación.*

1. Sen prexuízo da avaliación da calidade, do impacto, da eficacia e eficiencia do conxunto do subsistema de formación profesional para o emprego a que fai referencia o artigo 37.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, no marco do Sistema Nacional de Emprego, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas avaliarán, coa periodicidade que determinen nos seus respectivos ámbitos, entre outros aspectos, o impacto da formación de demanda no mantemento do emprego e na mellora da competitividade das empresas, a eficacia e adecuación das accións formativas ás necesidades das empresas, así como a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

2. A participación dos alumnos na avaliación da calidade das accións formativas, regulada no artigo 37.3 do citado real decreto, realizarase a través do «Cuestionario de avaliación de calidade», cuxo contido mínimo se determinará, tendo en conta as propostas das comunidades autónomas. Este cuestionario publicarase mediante resolución do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

As administracións públicas competentes poderán requirir das empresas os correspondentes cuestionarios co fin de analizar a calidade das accións formativas desenvolvidas no ámbito das empresas.

Artigo 29. *Plan de seguimento e control.*

1. Co fin de racionalizar esforzos e unificar criterios nas actuacións de seguimento e control que se leven a cabo, o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas elaborarán, no marco do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego, un plan anual de seguimento e control da formación de demanda, así como o respectivo informe sobre a súa execución.

As actuacións de seguimento e control que se programen no citado plan, realizadas mediante as visitas en tempo real e *ex post* a que fai referencia o artigo 30, deberán representar polo menos o 5 por cento dos recursos

públicos destinados ás accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación, sen prexuízo das actuacións que poidan realizar os órganos de fiscalización e control a que se refire o artigo 38.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal informará do citado plan anual os diferentes órganos de fiscalización e control que teñan atribuídas tales competencias no ámbito estatal, e promoverá así a realización integral e coordinada das diferentes actuacións de seguimento e control que se leven a cabo no dito ámbito. Do mesmo xeito poderán proceder os órganos competentes das comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos.

3. Na programación anual de obxectivos para a acción inspectora efectuada no marco dos convenios de colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social determinarase o alcance e o contido do control que vai realizar a citada inspección.

Artigo 30. *Actuacións de seguimento e control.*

As actuacións de seguimento e control que realicen as diferentes administracións públicas serán as seguintes:

1.º En tempo real: comprenderán o seguimento da actividade formativa no lugar que se imparte durante a súa realización, a través das evidencias físicas e os testemuños obtidos mediante entrevistas aos responsables de formación, alumnos e formadores, co fin de realizar unha comprobación sobre a execución da acción formativa, os seus contidos, o seu número real de participantes, instalacións e medios pedagóxicos.

No caso da formación cuxo proceso de aprendizaxe se desenvolva a través da modalidade a distancia convencional ou mediante teleformación, as empresas ou as entidades con que concerten impartir a formación deberán facilitar, por petición dos órganos de control, a información e os instrumentos técnicos necesarios para o exercicio da función de control, incluíndo o acceso telemático ás ferramentas utilizadas na execución das accións formativas.

2.º Ex post: realizaranse unha vez finalizada a execución das accións formativas bonificadas, a través de evidencias físicas, co fin de comprobar, entre outros, os seguintes extremos:

- a) Execución da acción formativa.
- b) Número real de participantes.
- c) Entrega aos participantes do diploma ou certificado de formación e, de ser o caso, a inclusión nel do emblema do Fondo Social Europeo.
- d) Documentación xustificativa dos custos de formación, a súa contabilización, así como da materialización do pagamento antes do último día hábil para a presentación do boletín de cotización do mes de decembro do exercicio económico que corresponda, tendo en conta os requisitos establecidos pola normativa española e, se for o caso, a comunitaria respecto do cofinanciamento do Fondo Social Europeo.
- e) Nas accións executadas mediante as modalidades de teleformación, a distancia convencional ou mixta, realizarase unha comprobación adicional das entregas de material, dos controis de seguimento e das probas que comporte o ensino programado, así como a verificación dos soportes didácticos e da asistencia tutorial.

3.º Comprobación das bonificacións aplicadas: de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, os servizos públicos de Emprego comprobarán a procedencia e exactitude das deducións que en forma de bonificacións fosen practica-

das polas empresas. Esta comprobación incluírá a verificación, entre outros, dos seguintes extremos:

- a) Crédito de bonificación asignado e bonificacións aplicadas.
- b) Cumprimento da porcentaxe de cofinanciamento privado exixible.
- c) Pertenza dos traballadores participantes ás empresas beneficiarias.
- d) Cumprimento do deber de información á representación legal dos traballadores nos termos previstos no artigo 16.

4.º As administracións públicas competentes poderán realizar, así mesmo, actuacións específicas de seguimento e control en virtude de denuncias ou da existencia de indicios de fraude ou irregularidades na execución da actividade formativa financiada mediante as bonificacións nas cotas da Seguridade Social previstas nesta orde, así como calquera outra actuación que consideren necesaria no ámbito das súas competencias.

As comunidades autónomas informarán o Servizo Público de Emprego Estatal dos resultados das actuacións de seguimento e control que realizen, así como das presuntas irregularidades detectadas.

Artigo 31. *Bonificacións indebidamente aplicadas.*

1. A aplicación indebida ou fraudulenta das bonificacións determinará que as cantidades correspondentes ás cotas non ingresadas sexan obxecto de reclamación administrativa mediante acta de liquidación da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Sen prexuízo diso, o Servizo Público de Emprego Estatal, no marco do Sistema Nacional de Emprego, colaborará coa citada inspección nos termos que establece o artigo 17.4 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

2. Cando proceda a devolución das cantidades correspondentes ás bonificacións indebidamente aplicadas, segundo o previsto no número anterior, esa devolución comprenderá o xuro de demora calculado desde o momento do desfrute indebido das bonificacións nas cotas da Seguridade Social.

Artigo 32. *Réxime sancionador.*

As infraccións da normativa reguladora da iniciativa da formación de demanda regulada nesta orde, desen lugar ou non ao gozo indebido de bonificacións, tipificadas polo texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, serán sancionadas conforme o establecido nese texto legal, sen prexuízo da comunicación á Fiscalía Xeral do Estado daqueles supostos en que se poida apreciar unha presunta responsabilidade penal.

Disposición adicional primeira. *Crédito de bonificacións para formación de demanda nos supostos de centros de ensino concertados, centros especiais de emprego e outros similares.*

1. Para a determinación do crédito de bonificacións para a formación de demanda dos centros de ensino concertados e dos centros especiais de emprego, as cotas ingresadas en concepto de formación profesional pola correspondente Administración respecto dos profesores e traballadores discapacitados, respectivamente, consideraranse adscritas aos centros onde estes prestan os seus servizos.

O anterior será de aplicación a calquera outro suposto en que concorran circunstancias similares.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social determinará a forma en que se fará efectiva a bonificación nos casos en que esta sexa superior ás cotizacións á Seguridade Social que realizarán directamente os centros.

Disposición adicional segunda. *Formación cofinanciada polo Fondo Social Europeo.*

A resolución da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal a que fai referencia o artigo 7 incluírá, no suposto de que a formación bonificada estea cofinanciada con fondos comunitarios, as contías e os conceptos cofinanciados polo Fondo Social Europeo desagregados, de ser o caso, por prioridades e zonas de programación.

A documentación xustificativa da formación a que se refire o parágrafo anterior deberase manter á disposición dos órganos de control, tanto nacionais como comunitarios, conforme o que estableza a normativa comunitaria.

Disposición adicional terceira. *Protección de datos persoais.*

1. Para os efectos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Servizo Público de Emprego Estatal terá a condición de responsable do tratamento dos datos persoais dos participantes ou das persoas involucradas nas accións formativas reguladas no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e esta orde, para a xestión, o financiamento, o control, o seguimento e a avaliación destas. Os órganos competentes das comunidades autónomas terán igualmente a condición de responsables de tales datos para a avaliación, o seguimento e o control destas accións formativas, e accederán aos datos inicialmente de conformidade co previsto no artigo 16.4 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Os ficheiros correspondentes serán de titularidade pública.

A Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo terá a condición de entidade encargada do tratamento dos datos persoais incluídos no ficheiro de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal, subscribindo o correspondente convenio para tal efecto.

2. A recollida, directa ou a través das comunicacións realizadas polas empresas beneficiarias das bonificacións, e o subseguinte tratamento polo Servizo Público de Emprego Estatal de datos persoais dos destinatarios das accións formativas ou daqueles que interviñesen na súa xestión, non requirirá o seu consentimento na medida en que os datos persoais resulten necesarios para a xestión, o control, o seguimento e a avaliación das accións formativas e as correspondentes bonificacións.

Disposición transitoria primeira. *Determinación do crédito de bonificacións para o exercicio orzamentario 2007.*

Para o exercicio orzamentario 2007, a porcentaxe e o crédito mínimo de bonificación fixados no artigo 11.1, a bonificación media por traballador sinalada no artigo 11.2 e o límite da dispoñibilidade orzamentaria para o financiamento dos permisos individuais de formación serán os

establecidos na disposición transitoria quinta do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

Disposición transitoria segunda. *Colaboración nas actuacións de seguimento e control.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, directamente ou a través da Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo, logo da subscripción do correspondente convenio, poderá colaborar coas comunidades autónomas na realización das actuacións de seguimento e control previstas no plan anual a que se refire o artigo 29 desta orde.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación do crédito de bonificacións no exercicio 2007.*

Poderanse bonificar consonte esta orde as accións formativas, incluídos os permisos individuais de formación, iniciadas con anterioridade á data de entrada en vigor desta, sempre que se comunique o seu inicio antes do 1 de decembro de 2007.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, respecto daquelas accións formativas bonificables ao abeiro desta orde que non o fosen conforme o Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua e a súa normativa de desenvolvemento, entenderase cumprida a obriga prevista no artigo 16.1 cando a empresa informase a representación legal dos traballadores da execución desas accións con cando menos 15 días de antelación ao de finalización do prazo establecido no parágrafo anterior. Se a representación legal dos traballadores presentase discrepancias nos 15 días seguintes a esa información, será de aplicación o procedemento previsto nos números 2 e seguintes do artigo 16 desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Creación de ficheiros de datos persoais.*

Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal que se relacionan no anexo II desta orde, nos termos e condicións fixados na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de xullo de 2007.–O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

ANEXO I

SOLICITUDE Á EMPRESA DO PERMISO INDIVIDUAL DE FORMACIÓN

1º APELIDO:.....2º APELIDO:..... NOME:.....
 DNI.....

SOLICITA :

Permiso individual de formación de..... horas laborables durante o curso académico...../....., de conformidade co establecido no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e nesta orde, para a realización da acción formativa que se vai desenvolver no Centro de Formación..... desde o día .../.../..... ata o día ... /.../ As horas do permiso distribuiranse segundo o seguinte calendario:

.....

..... de..... de.....

Para os efectos do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), o que asina abaixo autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á acción formativa, para (i) a xestión, o financiamento, o control, o seguimento e a avaliación da acción formativa polo Servizo Público de Emprego Estatal, sito actualmente na rúa Condese de Venadito nº 9 (28027-Madrid), directamente ou a través da *Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo*; e (ii) a cesión aos beneficiarios das accións complementarias que o Servizo Público de Emprego Estatal convoque e conceda ao abeiro do previsto no capítulo III do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, para os únicos efectos de que estes beneficiarios poidan levar a cabo tales accións complementarias sen quedar facultados por iso a realizar ningún tipo de comunicación ou revelación de tales datos persoais a ningún terceiro, debéndoos destruír unha vez finalizada a acción complementaria de que se trate. No caso de que non quixese realizar a cesión prevista neste punto (ii), pode indicalo a seguir.

O que asina abaixo poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que é responsable o Servizo Público de Emprego Estatal ante a *Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo*, dirixíndose por escrito a esta última na súa sede social, sita actualmente na rúa Arturo Soria 126 – 128 (28043 – Madrid), nos termos da normativa vixente.

Sinatura do solicitante

AUTORIZACIÓN DO PERMISO INDIVIDUAL DE FORMACIÓN

D./Dª....., na súa condición de da empresa con CIF....., autoriza o permiso individual de formación de horas laborables distribuídas segundo o seguinte calendario:

.....

Sinatura e selo da empresa

.....de.....de.....

ANEXO II

CREACIÓN DE FICHEIROS

1. PARTICIPANTES EN INICIATIVAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Órganos da Administración responsables do ficheiro:
Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación:
Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo

Medidas de seguranza:
Nivel alto

Estrutura básica: tipo de datos de carácter persoal:
Datos de saúde
Datos de carácter identificativo
Datos académicos e profesionais
Detalles de emprego

Finalidade do ficheiro e usos previstos:
Datos de participantes en accións de formación realizadas en iniciativas de formación profesional para o emprego para a súa xestión, control e avaliación.

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos:
O propio interesado ou o seu representante legal
Entidade privada
Empregados, solicitantes, demandantes de emprego

Procedemento de recollida dos datos:
Telemático

Cesións de datos de carácter persoal previstas:
Organismos da Seguridade Social, Administración laboral e Inspección de Traballo e outras administracións e institucións afectadas por razón da materia.

Transferencias de datos de carácter persoal previstas:
Non se prevén

2. SOLICITANTES EN INICIATIVAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Órganos da Administración responsables do ficheiro:
Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación:
Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo

Medidas de seguranza:
Nivel básico

Estrutura básica: tipo de datos de carácter persoal:
Datos de carácter identificativo

Finalidade do ficheiro e usos previstos:
Datos de solicitantes de iniciativas de formación profesional para o emprego e dos seus representantes legais para a súa xestión, control e avaliación.

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos:

O propio interesado ou o seu representante legal

Representantes legais, persoas de contacto, solicitantes e beneficiarios

Procedemento de recollida dos datos:

Telemático

Soporte papel

Cesións de datos de carácter persoal previstas:

Organismos da Seguridade Social, Administración laboral e Inspección de Traballo e outras administracións e institucións afectadas por razón da materia.

Transferencias de datos de carácter persoal previstas:

Non se prevén

3. USUARIOS DAS APLICACIÓNS DE INICIATIVAS DE FORMACIÓN

Órganos da Administración responsables do ficheiro:

Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación:

Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo

Medidas de seguranza:

Nivel básico

Estrutura básica: tipo de datos de carácter persoal:

Datos de carácter identificativo

Datos de detalles do emprego

Finalidade do ficheiro e usos previstos:

Datos dos usuarios que accedan ás aplicacións de xestión das iniciativas de formación profesional para o emprego

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos:

O propio interesado ou o seu representante legal

Outras persoas físicas

Empregados, representantes legais, solicitantes e beneficiarios

Procedemento de recollida dos datos:

Telemático

Cesións de datos de carácter persoal previstas:

Non se prevén

Transferencias de datos de carácter persoal previstas:

Non se prevén

4. XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS DE INICIATIVAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Órganos da Administración responsables do ficheiro:

Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación:

Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo

Medidas de seguranza:

Nivel básico

Estrutura básica: tipo de datos de carácter persoal:

Datos de carácter identificativo

Datos económicos, financeiros e de seguros

Finalidade do ficheiro e usos previstos:

Datos relativos aos custos de iniciativas de formación profesional financiadas con cargo ao subsistema de formación profesional no emprego

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos:

O propio interesado ou o seu representante legal

Outras persoas físicas

Procedemento de recollida dos datos:

Soporte informático

Soporte papel

Cesións de datos de carácter persoal previstas:

Non se prevén

Transferencias de datos de carácter persoal previstas:

Non se prevén

5. PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN

Órganos da Administración responsables do ficheiro:

Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación:

Fundación Tripartita para la Formación en el Empleo

Medidas de seguranza:

Nivel alto

Estrutura básica: tipo de datos de carácter persoal:

Datos de saúde

Datos de carácter identificativo

Características persoais

Datos académicos e profesionais

Detalles de emprego

Económicos, financeiros e de seguros

Finalidade do ficheiro e usos previstos:

Xestión, seguimento e avaliación das solicitudes de permisos individuais de formación.

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos:

O propio interesado ou o seu representante legal

Empregados, representantes legais, beneficiarios

Procedemento de recollida dos datos:

Telemático

Cesións de datos de carácter persoal previstas:

Organismos da Seguridade Social, Administración laboral e Inspección de Traballo e outras administracións e institucións afectadas por razón da materia.

Transferencias de datos de carácter persoal previstas:

Non se prevén